

A Sociedade Galega de Ornitología (SGO) rexeita, pola súa condición de exercicio de ignorancia, o "Plan de Ordenación del Espacio Marino (POEM)" aprobado hoxe 28 de febreiro polo Goberno de España.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2023

O POEM ten sido desenvolvido sen valorar como é debido (por non existir información científica ao respecto, e iso a pesar de ser isto competencia do propio Goberno Central) a importancia para as aves das augas mariñas exteriores de Galicia. Isto tanto para as aves mariñas de ducias de especies diferentes, e en cifras moi importantes, como para as aves terrestres ou acuáticas que migran sobre estas augas, en números aínda máis grosos.

O mar que rodea Galicia, incluso moito máis aló da plataforma continental, é lugar de paso migratorio e alimentación de centenaes de miles de aves mariñas. Polo momento, apenas coñecemos máis que parte deste fenómeno: o que acontece a distancia visíbel da costa. Respecto ás aves mariñas que se moven e alimentan máis aló, a información é moi escasa.

Esa ignorancia é o motivo de que no seu día non se declarasen ZEPAs (Zonas de Especial Protección para as Aves) nesas augas máis exteriores: faltaba información. Esa carencia de información, esa ignorancia non resolta, non ten sido nesta ocasión problema para aprobar a potencial instalación en boa parte desas zonas, no norte de Galicia, de enormes polígonos de enerxía eólica.

Resultado: en lugar de darse tempo para estudar de que xeito as aves mariñas (oriúndas algunhas da Antártida, Canadá, Groenlandia, Siberia e moitos países de Europa; algunhas moi ameazadas) utilizan esas zonas mariñas, decídese que, precisamente por non sabelo, son potencialmente idóneas para instalar aeroxeradores de máis de 250 m de alto.

Pouco se ten estudado, ao mesmo tempo, acerca do paso migratorio por esta esquina noroccidental de Iberia, nas súas rutas sobre o océano, de aves terrestres e acuáticas. E si que pasan, e nunha cifra sen determinar, pero sen dúbida moi importante: un estudo recente elaborado por un equipo de investigadores franceses revelou como polo golfo de Biscaia voan cada primavera cara o norte 166 millóns de aves entre a costa de España e a de Francia. Cando regresan cara ao sur en outono despois de ter criado, esa cifra ascende ata os 215 millóns de aves.

Que parte desta multitude de aves migratorias pasa por Galicia, segundo as condicións meteorolóxicas que atopen nas súas viaxes? Non o sabemos. Unha vez máis, esa ignorancia non se resolve, senón que abre paso aos aeroxeradores.

Calquera pode imaxinar as consecuencias para as aves deste exercicio de ignorancia.

Sociedade Galega de Ornitología

Contacto:

- Óscar Rivas (620593892)